



DATOS IDENTIFICATIVOS

Galego: Relacións sintácticas e construción do texto

Materia	Galego: Relacións sintácticas e construción do texto			
Código	V01G430V01309			
Titulación	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OP	3	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Fernández Salgado, Xosé Antonio			
Profesorado	Fernández Salgado, Xosé Antonio Rodríguez Guerra, Alexandre			
Correo-e	xsalgado@uvigo.es			
Web	http://http://fft.uvigo.es/es/docencia/profesorado/xose-antonio-fernandez-salgado/			
Descrición xeral	Esta materia céntrase no estudo das unidades sintácticas superiores (frases, cláusulas e oracións) e a súa tipoloxía así como nas relacións que se dan entre elas para conformar unidades textuais superiores. Afóndase na análise sintáctica argumentada, partindo do verbo como núcleo predicativo da cláusula e as relacións que establece cos outros constituíntes funcionais e as implicacións semánticas e pragmáticas que diso derivan. Préstase atención ós elementos de relación interoracionais (conxuncións) e supraoracionais (marcadores discursivos). Desde unha vertente aplicada, trabállase a redacción de diferentes tipos de textos, facendo especial énfase na súa corrección sintáctica e no uso de construcións diferenciais galegas.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan acceder ao estudantado ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B3	Capacidade no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos e literarios.
B9	Posuír as habelencias de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
C8	Coñecemento das bases teóricas, os conceptos e os métodos (fonéticos, gramaticais, semánticos e pragmáticos) da análises lingüística aplicadas ás linguas do grao.
C10	Coñecemento da norma e o uso discursivo das linguas do grao e capacidade para aplicar de maneira crítica eses coñecementos na actividade profesional.
C11	Capacidade para avaliar e habilidade para empregar ferramentas e recursos dixitais e presenciais para a procura e xestión de información no ámbito das linguas ou as literaturas do grao.
C14	Capacidade para analizar, sintetizar e interpretar un texto en calquera formato con independencia da súa natureza lingüística ou literaria.
D1	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Recoñecer e caracterizar as relacións lingüísticas que se establecen entre as distintas unidades sintácticas e discursivas na conformación de enunciados lingüísticos en galego de complexidade diversa.	A3	B2 B9	C8 C14	
Analizar construcións sintácticas en galego dunha maneira argumentada e sintetizar a súa análise a través de diferentes procedementos, dixitais ou non, como esquemas, diagramas, fichas, etc.	A3	B2 B3	C8 C11	
Interpretar críticamente os elementos que modifican a (a) gramaticalidade de enunciados en galego e saber ofrecer propostas de corrección.	A4	B2	C8 C10	D1
Revisar os elementos e construcións sintácticas e discursivas particularizadoras do galego e aplicalos na mellora dos escritos propios.	A4	B9	C10 C14	D1
Planificar, desenvolver e elaborar recursos propios dixitais para a aprendizaxe, a práctica e o ensino da sintaxe galega.	A4	B3	C11	D1
Valorar as principais fontes bibliográficas e de información, dixitais ou non, para o estudo da sintaxe do galego e saber extraer información delas.	A3	B2 B9	C11	

Contidos

Tema

A sintaxe do galego	-Fontes de información e ferramentas para o estudo do galego. -As unidades sintácticas superiores (frases, cláusulas e oracións) e as unidades supraoracionais (textos e a súa organización). -As relacións conectivas (coordinación, subordinación e interordinación). -As relacións funcionais (sintácticas, semánticas e informativas). -Procedementos e probas de determinación funcional. -Representación da análise sintáctica.
A frase	-Estrutura e tipoloxía. Concepto de núcleo en sintaxe. -A complexidade estrutural da frase nominal en galego. A modificación nominal.
Cláusulas e oracións	-O verbo e a súa complementación: argumentos e adxuntos; elementos periféricos oracionais. -Estrutura funcional da cláusula. Construcións sintácticas fundamentais. -Estruturas paratáticas (abertas e pechadas) e estruturas hipotáticas. -Tipoloxías. -Elementos de relación: conxuncións e locucións conxuntivas
Construción de textos e corrección sintáctica en galego.	-Os marcadores discursivos. -Aplicación da sintaxe na construción de textos: a corrección sintáctica en galego. -Sintaxe diferencial galega: tradición, variación e interferencia.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	38	58
Resolución de problemas	40	73	113
Traballo tutelado	10	12	22
Actividades introdutorias	2	2	4
Eventos científicos	2	2	4
Exame de preguntas de desenvolvemento	4	20	24

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Son as horas que o docente dedicará a expoñer contidos da materia e as directrices e bases teóricas dos traballos, exercicios ou análises sintácticas que deberá facer o alumnado. Recoméndase que cando o profesor facilite por adiantado fotocopias ou outro material, o alumnado leve previamente traballado ese material. Boa parte deste irase colgando na plataforma de ensino virtual MOOVI.
Resolución de problemas	Refírese ás actividades en que se formulan problemas e /ou exercicios relacionados cos contidos da materia, así como resumos de lecturas que complementan as leccións maxistrais. Préstase especial atención á análise sintáctica de textos en árbore, ó comentario gramatical argumentado de construcións sintácticas problemáticas en canto á súa interpretación e á redacción e corrección morfosintáctica de textos de diferente tipoloxía. Naqueles casos en que o profesor entregue previamente os exercicios, recoméndase que o/a alumno/a os traia traballados. Boa parte deles iranse colgando na plataforma MOOVI.
Traballo tutelado	O/A estudante, de maneira individual, elaborará un traballo guiado sobre os marcadores discursivos.

Actividades introductorias	Son as explicacións e actividades que se realizan o primeiro día de clase dedicadas a expoñer os obxectivos, a avaliación, as principais tarefas do curso (lecturas e traballos obrigatorios, redaccións) e a bibliografía da materia.
Eventos científicos	Refírese a conferencias, charlas, exposicións, mesas redondas, debates... realizados por poñentes de prestixio, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia ou relacionados con ela.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	O docente terá titorías individualizadas ou en pequeno grupo cuando así o requira o alumnado en canto ás directrices que debe seguir nos traballos de redacción, no resumo de lecturas ou nos comentarios de erros cometidos nas análises sintácticas que se manden entregar como parte da avaliación.
Traballo tutelado	Ó longo do cuadrimestre, tanto nas aulas presenciais coma nas titorías, o docente guiará os diferentes pasos que o alumnado debe seguir na elaboración dun traballo sobre os marcadores discursivos en galego. Entregarase unha copia en papel e subírase a versión definitiva do traballo no espazo correspondente da plataforma MOOVI (incluíranse todos os ficheiros empregados na súa elaboración, non só o ficheiro co traballo final, tamén a BD, corpus etc.).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Valórase a asistencia ás clases maxistras, sempre que a presencialidade sexa máis do 80%, así como a participación activa nelas con intervencións e comentarios.	5	A3 B2 C8 B9 C14
Resolución de problemas	Durante o curso, o docente especificará que actividades prácticas das propostas son avaliadas. Especificamente, o estudante deberá entregar obrigatoriamente a análise sintáctica de 4 textos propostos polo profesorado, o resumo crítico de 3 artigos da "Bibliografía", antes do exame escrito (un dos artigos deberá ser exposto oralmente na aula), e a redacción de 3 textos de diferente tipo. Tamén se valorará a participación activa na resolución e comentario das diferentes actividades que se fagan na aula.	40	A4 B2 C8 D1 B3 C10 C14
Traballo tutelado	O traballo, individual e titorizado, é obrigatorio para todo o estudantado. A carga de traballo que supoña será proporcional ó seu valor (1,35 créditos). A data límite de entrega coincidirá coa data oficial do exame (en cada unha das dúas edicións das actas).	15	A3 B2 C8 B3 C10 C11 C14
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realízase unha única proba escrita sobre os contidos teórico-prácticos da materia na última semana de clase. É necesario aprobalo para superar a materia.	40	A4 B2 C8 D1 C10 C14

Outros comentarios sobre a Avaliación

Existen **dous sistemas de avaliación** da materia, aínda que se recomenda a primeira delas:

a) **AVALIACIÓN CONTINUA**, para o alumnado que asista regularmente ás clases presenciais e realice e entregue as tarefas de avaliación indicadas polo profesor en tempo e forma. O traballo titorizado débese entregar, como moi tarde, na data do(s) exame(s) oficiais da materia na FFT. É obrigatorio, antes do último día de clase, a entrega dos 3 resumos críticos das lecturas de 3 artigos da bibliografía (un dos artigos deberá ser exposto oralmente na aula). É tamén obrigada, antes das datas límite que o profesor indique, a entrega de 3 redaccións de textos de diferente tipo e de 4 análises sintácticas. A puntuación final obterase da suma das porcentaxes das puntuacións expresadas arriba (que se deberán superar de xeito independente). En todo caso, para superar a materia na **1ª convocatoria de maio**, o/a alumno/a polo menos deberá ter aprobados os apartados "Exame de preguntas de desenvolvemento", que se celebrará a última semana de clase, a resolución de problemas e o traballo titorizado. De non superar a materia na 1ª convocatoria de maio, o/a alumno/a deberá repetir na **2ª convocatoria**, en xuño, as actividades de avaliación non superadas e, obrigatoriamente, o "Exame de preguntas de desenvolvemento" se non estiver aprobado, na data oficial que dispoña o calendario oficial de exames da FFT.

No caso de que o/a alumno/a renuncie á "Avaliación continua" ou incumpra as condicións esixidas pasará a ser avaliado polo sistema de "Avaliación única".

b) **AVALIACIÓN ÚNICA**. O alumnado que non opte polo sistema de "Avaliación continua", para superar a materia na **1ª convocatoria de maio** deberá: (1) examinarse sobre todos os contidos da materia nun "**Exame**" final único escrito (7,75 p.), que se realizará na data oficial que dispoña o calendario oficial de exames da convocatoria de maio; (2) entregar

obrigatoriamente o "**Traballo tutelado**" (1,5 p.) e (3) ese mesmo día facer unha **exposición oral dun artigo** da bibliografía da materia (0,75). Para poder superar a materia débense aprobar as tres partes de maneira independente. Na **2ª convocatoria de xuño**, o alumnado deberá facer as tres mesmas probas ca na convocatoria de maio, na data oficial disposta pola FFT, ou no seu caso repetir as non superadas ou non entregadas.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Álvarez, R. & Xove, X., **Gramática da lingua galega**, 1ª, Galaxia, 2002

Fernández Salgado, Xosé A., **Apuntamentos da materia**, Edición do autor, 2024

Freixeiro Mato, X. R., **Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe**, 2ª, A Nosa Terra, 2006

Freixeiro Mato, X. R., **Os marcadores discursivos. Conectores contraargumentativos no galego escrito**, 1ª, Monografía 3 da Revista Galega de Filoloxía, 2005

Freixeiro Mato, X. R., **Gramática da lingua galega. IV. Gramática do texto**, 2ª, A Nosa Terra, 2006

Gondar, M. (dir.) / CIRP, **BILEGA. Bibliografía informatizada da lingua galega**, <http://www.cirp.es/proxectos/proxecto-bilega.html>,

Bibliografía Complementaria

Álvarez, R.; Monteagudo, H. & Regueira, X.L., **Gramática galega**, 1ª, Galaxia, 1986

Bosque, I. & Demonte, V., **Gramática descriptiva de la lengua española. 3 t.**, 1ª, Espasa Calpe, 1999

Cidrás, F. & Dubert, F., **A gramática galega, un río de curso curto e sinuoso. Panorama histórico dos estudos gramaticais sobre o galego**, Labor Histórico. Lingüística Galega, v. 3, nº 1, 2017

Dosil, B., **Escrita doada. Consellos para redactar ben**, 1ª, Xerais, 2015

RAE, **Nueva gramática de la lengua española. Manual**, 1ª, Espasa Calpe, 2010

Raposo, Eduardo et al., **Gramática do Português. 3 vol.**, 1ª, Fundação Calouste Gulbenkian, 2014

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Gramática práctica galega/V01G430V01201

Outros comentarios

-Para poder seguir esta materia precísase ter un coñecemento elevado do galego, polo menos un B2. Debería ter cursado a materia de Gramática práctica galega de 2º curso.

-A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

-Na avaliación terase en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

-É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma MOOVI (novidades, documentos, cualificacións etc.) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización de probas.

-O primeiro día de clase o profesor fornecerá unha bibliografía básica de traballos sobre sintaxe e construción do texto do galego, dos cales o alumnado poderá elixir algúns para resumir, como alternativa ós indicados polo profesor. Así mesmo, ó longo do curso iranse fornecendo outras referencias bibliográficas específicas alén das recollidas nas fontes de información.